



# PLAN DIXITAL

## CEEPR ASPACE CORUÑA

[Versión 2.0\_setembro 2023]

# Índice do Plan Dixital

## 1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

## 2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

## 3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

## 4. Avaliación do PD

## 5. Difusión do PD

## 1. Introducción

### 1.1. Datos básicos do centro

O CEEPR Aspace Coruña pertence á Asociación de Pais e Nais de persoas con Parálise Cerebral da Coruña (ASPACE). O Centro atópase situado a 18km da cidade da Coruña e a 3km do Concello de Sada; o domicilio está en Casteliño 24, Lugar de Osedo, 15168 Sada (A Coruña). Non ten páxina web propia, ao pertencer a dita Asociación dende a web de <https://aspacecoruna.org/> pódese atopar información no que respecta ao Centro Educativo e aos servizos ofertados, ademais do aula virtual <https://aspacecoruna.moodlecloud.com/>.

Trátase dun Centro de Educación Especial, de titulariedade privada concertada pola consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades da Xunta de Galicia, estando suxeito a toda a lexislación que afecta aos centros que reciben financiamento por parte de dita Consellería. O derradeiro concerto foi asinado por seis unidades concertadas, aínda que o centro ten autorizadas oito.

Neste momento o número total de alumnado é de 26 persoas, sendo 8 nenas e 18 nenos. A ratio é de 4/6 alumnos e alumnas por unidade, polo que dentro do persoal docente hai sete mestres/as-titores/as máis unha de apoio, por concerto tamén corresponde un grupo de persoal non docente: unha logopeda, un fisioterapeuta e tres persoas coidadoras. Hai outros profesionais vinculados ao centro educativo, financiados pola Asociación: terapeuta ocupacional, técnicos de actividade de piscina, traballadora social, médico de familia, neuróloga, servizo de enfermería, persoal de servizos xerais, mantemento, administración e informática.

O Centro atende a unha poboación con idades comprendidas entre os 3 ata os 21 anos de idade, onde se imparten as etapas educativas de EI, EP e Transición á Vida Adulta. A finalidade da creación do mesmo é a de responder ás necesidades educativas e de desenvolvemento persoal e social de persoas afectadas de parálise cerebral e/ou patoloxías afíns, as cales teñen necesidades educativas especiais asociadas a discapacidades físicas e motoras e, en maior ou menor medida, discapacidades sensoriais e cognitivas.

### 1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

O 30,76% do noso alumnado é de procedencia estranxeira, o que conleva que o Centro ten que adaptarse nos primeiros intres ao alumno/a para lograr unha valoración o máis real posible. A maioría deste alumnado non foi escolarizado previamente, xa porque nos seus lugares de orixe non había centro específico ou por mor das súas discapacidades. O alumnado acude ao centro dende diferentes puntos da provincia da Coruña (Ferrol, Pontedeume, Carral, Cambre, O Burgo, A Coruña, Sada), a meirande parte das familias pertencen a un nivel socioeconómico medio.

Os centros educativos forman parte dun mundo en continuo cambio e dunha sociedade cada vez máis dixitalizada, por esa razón os centros deben dar resposta a esas necesidades e demandas da sociedade, para poder formar persoas coas competencias necesarias para desenvolverse nunha contorna dixitalizada. O uso da tecnoloxía que ten lugar nunha organización escolar, dende as relacionadas coas cuestións organizativas, ata as propias dos procesos de ensinanza e aprendizaxe é xa incuestionable.

O Proxecto Educativo contempla a necesidade do uso das TIC e produtos de apoio específicos para persoas con parálise cerebral e patoloxías afíns, no desenvolvemento das habilidades necesarias que lles axuden a ser persoas o máis autónomas e participes posibles dentro da sociedade, sempre dende un enfoque pedagóxico e rehabilitador. Desta forma o Plan Dixital contribúe ao logro de cubrir dita necesidade.

Dentro do marco de Proxectos nos que o Centro participa atópase o “Centro de formación para a prevención da dependencia”, un proxecto creado e dirixido para toda a entidade ASPACE Coruña e financiado pola Fundación Barrié e Fundación Amancio Ortega, o cal ten o seu inicio dentro do centro educativo, facendo uso do aula TIC dotada de recursos dixitais e dispositivos tecnolóxicos que serven para entrenar ao alumnado no seu uso e despois poder manexar o patio interactivo onde descubren un entorno controlado por eles/as mesmos a través deses dispositivos.

Así mesmo, participase no proxecto “Talentos Inclusivos”, desenvolto dende o CITIC (Centro de Investigación en Tecnoloxías da Información e Comunicacions) da Universidade da Coruña e ASPACE Coruña, apoiado polo Consello Social da Universidade da Coruña e promovido pola Fundación para a Ciencia e a Tecnoloxía da Ciencia (FECYT), no que dende o centro educativo plantéxanse os retos e a participación neles aos estudantes dos distintos centros educativos que desenvolven dito proxecto.

A través da Confederación ASPACE, unha docente do centro participa no “Proxecto de formación e asesoramento en impresións 3D”. Dende a Fundación Once faise unha cesión de equipamento (impresora 3D, escáner e filamento) aos centros participantes para o desenvolvemento do mesmo.

Unha das medidas para o logro dos obxectivos do centro recollida na Programación Xeral Anual é a de adecuar as TIC ao traballo de aula, posibilitando o acceso do alumnado ás mesmas tanto no eido do proceso de ensinanza e aprendizaxe coma no lúdico, así os obxectivos do plan de acción contribúen á consecución da mesma.

### **1.3. Breve xustificación do mesmo**

Según os artigos 111 bis, 121 e 132 da Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación; as Administracións Educativas e os equipos directivos dos centros promoverán o uso das tecnoloxías da información e comunicación (TIC) no aula como medio didáctico apropiado e valioso para levar a cabo as tarefas de ensinanza e aprendizaxe, ademais de promover a innovación educativa e impulsar os plans recollidos no proxecto educativo do centro, coma a estratexia dixital de centro.

De acordó á disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022, o CEEPR Aspace Coruña ten que elaborar durante o presente curso escolar o Plan Dixital de acordo ás instrucións que se ditan na resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022.

## 1.4. Proceso de elaboración

O Equipo de Dinamización do Plan Dixital confórmao unha persoa coordinadora do mesmo, a cal se encarga de elaborar o Plan de Acción así como o seguemento e avaliación do mesmo, e a directora do centro.

O proceso de elaboración do Plan Dixital parte dos resultados recollidos nun DAFO da enquisa SELFIE, TestCDD e da información propia do Centro. De ahí escollemos, previamente acordado entre o equipo docente, dous obxectivos os cales valoraranse ao final de curso no Plan de Acción. A persoa responsable no logro de ditos obxectivos é a coordinadora do Plan Dixital.

## 2. Situación de partida

### 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

A infraestrutura, equipamento e servizos dixitais do centro foi e é dotado pola Asociación ASPACE Coruña. O CEEPR Aspace Coruña dispón de diversos recursos dixitais e tecnolóxicos a disposición do equipo directivo, equipo docente e alumnado.

- Infraestrutura dixital:
  - Infraestrutura de datos: a conectividade a internet vai mediante fibra óptica. Segundo o equipamento conéctase por rede wifi ou por cable.
  - Infraestrutura de voz: no centro hay telefonía interna que conecta as aulas e os distintos Centros que compoñen a Asociación e telefonía externa. Así, en cada aula hai un teléfono fixo e en dirección o teléfono xeral do centro é inalámbrico.
- Equipamento:
  - Aulas dixitalizadas: todas as aulas do centro están dixitalizadas.
    - Aulas dos mestres-titores: contan con un ordenador de sobremesa conectado por cable (Intel Core i3 con 8GB de RAM, Windows 10), pantalla táctil, teclado e rato inalámbrico e altofalantes por cable. Ademais, das 7 aulas son 6 as que teñen unha Tablet BQ Edison 32GB (estado obsoleto), a outra conta cunha Tablet Samsung Galaxy TabA 32GB. A maiores, unha delas conta con outra Tablet (Samsung Galaxy TabA 32GB) e cun panel dixital táctil.
    - Aula fisioterapia: conta con ordenador de sobremesa conectado por cable (Intel Core i3 con 8GB de RAM, Windows 10), pantalla, teclado, rato e altofalantes por cable.
    - Aula logopedia: conta con ordenador de sobremesa conectado por cable (Intel Core i3 con 8GB de RAM, Windows 10), pantalla táctil con altofalantes incorporados, teclado e rato inalámbricos. Tamén ten unha Tablet (BQ Edison 32GB) (estado obsoleto).
  - Produtos de apoio: Go Talk 9+ (comunicador de mensaxes con gravación e pulsador), Libro Interactivo (con gravación e pulsador), Smooth Talker (gravador de mensaxes con pulsador), Tobii Eye Tracker 4C (rato dirixido coa mirada), 4 pulsadores (gravación

mensaxes), Story Sequencer (comunicador de mensaxes con gravación e pulsador), Kit de lectoescritura para ordenador (BJ-MAESTRO-LM), Vox 12 Eye Pro (BJ-CD10), Big Point (BJ-EL00389-1), Trackball de bola gigante (BJ-844), Rato tipo joystick OPTIMA (BJ-805), Conmutador de varilla (BJ-106).

- Programas de software: Grid3 (comunicación), Look to learn (fixación visual), Communicate In Print 2 (lectoescritura), Boardmaker (comunicación), TD Snap (BJ-SCF), Software Synwriter (BJ-783-5), Snap Scene (BJ-T420244).
- Aula TIC: conta con 3 ordenadores (Intel Core i5-12500 3.00 GHZ, Windows 10), 2 pantallas táctiles con 3 ratos e teclados por cable e unha PDI Panasonic táctil e regulable en altura.
- 2 Teclados Qwerty con teclas de gran tamaño e código de cor, inclúe carcasa para controlar a precisión na pulsación.
  - 1 Xogo de rato e teclado inalámbricos Logitech MK270.
  - 1 Receptor de Bluetooth.
  - 2 Cascos Conceptronic, 2 INGS e un Gorsun (tamén con opción cable); inalámbricos.
  - 2 Cascos con micrófono Razer Kraken X Lite con cable.
  - 2 Cascos-gorros Smarts Mobile Accesory.
  - Altoparlantes Stereo Speaker E80 Hama con cable.
  - Altoparlante inalámbrico portátil Ibiza Sound 8"/20 cm – 400W.
  - 1 Webcam C270 HD Logitech e 1 webcam Xpress cam 1080 Full HD Ings.
  - 1 Brazo articulado BJ 601 universal para o posicionamento de conmutadores, comunicadores, mandos ou calquera dispositivo.
  - 1 rato BJOY 857, con joystick e 4 botóns de distinta cor. Pódese modificar a función dos botóns, velocidade e orientación.
  - 1 rato joystick Simplyworks inalámbrico, con gran sensibilidade e rango de activación superior aos 10m.
  - 1 rato BJ-847-R Trackball Simplyworks, rato de bola con rango de activación superior aos 10m.
  - 1 Simplyworks Control con temporización, pode usarse con calquera dos emisores da familia Simplyworks de forma inalámbrica. Pódense emparellar ata 3 conmutadores Switch 125 con diferentes opcións de activación.
  - 1 Simplyworks Receive, receptor que permite conectar os produtos Simplyworks a un dispositivo con entrada USB. Permite o emparellamento simultáneo de ata seis dispositivos con alcance de ata 10m.
  - 3 Wireless Switch 125, conmutadores inalámbricos con rango de activación de 10m.
  - 1 Smoothie Switch 125, conmutadores con saída de Jack dunha superficie de 12,5cm de activación, moi sensible e con inclinación.
  - 1 Liberator Lib Switch cable saída Jack, tapa desmontable, tamaño pequeno (vermello).
  - 1 Liberator Lib Switch cable saída Jack, tapa desmontable, tamaño grande (amarelo).
  - 1 Big Red Switch Alenet tamaño grande con tapas de 4 cores diferentes.
  - 2 Pulsadores rectangulares do Centro de Referencia Estatal de Autonomía Persoal e Axudas Técnicas, con cable.

- 1 Caixa conexión BJ-241.
- 3 Caixas de conexións BJ-234.
- “Makey-Makey”. Placa electrónica que permite convertir obxectos cotidiáns en conmutadores táctiles e combinalos con internet ou Scratch.
- “Beamz”. Dispositivo interactivo de música a través de láser.
- “Little Step-by-step”. Comunicador portátil que permite grabar e escoitar varias mensaxes pulsando consecutivamente o botón.
- 1 Philips Hue Bridge.
- 8 Philips Hue barras de luz.
- 2 Philips Hue bombillas.
- Programas de software:
  - ❖ “Pablo”, contén seis xogos para colorear e seguir as liñas con grao ascendente de dificultade.
  - ❖ “Play With Me”, programa de varios xogos controlados por máximo dous conmutadores.
  - ❖ “CatchMe 2.0”, programa de aprendizaxe de control do rato a través de xogos.
  - ❖ “Switch Trainer”, programa de aprendizaxe de control de conmutadores e uso do ordenador.
  - ❖ “Archimedes-Scanning”, programa de cálculo, categorización, series...
  - ❖ “Kon-Zen”, programa de entrenamiento cognitivo.
  - ❖ “Light box”, programa de causa-efecto visual, auditiva e táctil.
- Equipo de xestión e administración: no despacho de Dirección hai un ordenador (Intel Core i3, 8GB de RAM, Windows 10), xogo de teclado e rato inalámbrico, altafalantes e teléfono inalámbrico.
- Equipos ultraportátiles para aula móbil: a Asociación conta con 6 ordenadores portátiles para facer préstamo ao centro en caso de necesidade.
- Dotacións de proxectos específicos:
  - Proxecto “Centro de formación para a prevención da dependencia”. Patio interactivo:
    - Proxector e pantalla de gran formato eléctrico.
    - Central SHX é o elemento principal do sistema [Sensory SHX](#) e punto de acceso ao programa BJ Control SHX, o cal permite integrar o control de todos os elementos dun ambiente interactivo e multimedia: dispositivos conectados a actuadores do Sistema BJ, dispositivos de infravermellos, elementos DMX. Ademais permite múltiples formas de acceso: varrido, pantalla táctil e de forma remota con calquera dos mandos do sistema BJ, especialmente conmutadores.
    - O programa BJ Control SHX permite activar un conxunto de accións mediante a elección das Escenas SHX.

- Central SHX Rack serve para integrar todos os elementos que se necesitan para crear un entorno interactivo. Inclúe diferentes elementos do sistema Sensory SHX:
- ❖ Ordenador (Intel Core i5 con 8GB de RAM, Windows 10) có programa BJ Control SHX instalado, coma contidos SHX preconfigurados; teclado e rato por cable.
- ❖ Dispositivo Central SHX.
- ❖ Software BJ Control SHX.
- ❖ Amplificador de audio e altosfalantes Akiyama.
- ❖ Punto de acceso (router para Tablet).
  - Pódense activar reproducións de son e vídeo, controlar dispositivos eléctricos e cambiar as luces do patio, de forma individual ou combinando un grupo de accións simultaneamente. Tiras de luces (BJ-EI02).
  - Ventilador de gran formato.
  - 1 Simplyworks Control con temporización, pode usarse con calquera dos emisores da familia Simplyworks de forma inalámbrica. Pódense emparellar ata 3 conmutadores Switch 125 con diferentes opcións de activación.
  - 1 Wireless Switch 125, conmutador inalámbrico con rango de activación de 10m (cor azul).
  - Tablet BQ Edison 2 Quad Core (estado obsoleto).
  - 1 Echo Dot Alexa con conexión por wifi.
- Proxecto “Proxecto de formación e asesoramento en impresións 3D”:
  - 1 Impresora 3D Artillery X1.
  - 1 Scanner Revopoint.
  - 2 Bobinas de filamento PLA Premium 500gr tamaño especial.
- Proxecto “Talentos Inclusivos”:
  - 8 Cables adaptadores con saída Jack para conectar un conmutador.
  - 7 Conmutadores de tipo interruptor de baixo coste.
- Servizos dixitais educativos: páxina web da Asociación <https://aspacecoruna.org/> a través da cal podemos acceder ao aula virtual do centro <https://aspacecoruna.moodlecloud.com/> (Moodle versión 4.1.2). Cóntase tamén cun servizo corporativo da Asociación dunha conta de email e a base de datos, así coma o acceso a cartafolios compartidos nos ordenadores. Así mesmo, o equipo docente e directivo ten conta de email de educación da Xunta.
- Xestión do mantemento do equipamento do centro: a Asociación presta o seu servizo de técnico de informática para o mantemento da equipación do centro, tanto a nivel físico coma de programación e infraestutura de rede.



## 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

### Autoavaliación SELFIE

Areas	Grupos	Ensinanzas
		Primaria
A -Liderado	Equipo Direct.	4
	Profesorado	3,1
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	-
	Profesorado	2,9
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	3
	Profesorado	3,4
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	-
	Profesorado	3,4
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	3
	Profesorado	3,1
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	3
	Profesorado	3
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	-
	Profesorado	1,7
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	-
	Profesorado	1,4

### Test CDD

#### 1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
L01 – Laboral	7	7	100%

Realizaron o test 7 docentes do total de 7 que foron convidados neste perfil. É dicir participou o 100% do profesorado L01 – Laboral.

#### 2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
43,4	Explorador/a (A2)	76,5	Integrador/a (B1)

A puntuación media no TestCDD do seu centro foi de 43,4 sobre 192, polo tanto obtivo un nivel de Explorador/a (A2).

#### 2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
Ed. Esp.	43,4	Explorador/a (A2)	72,1	Integrador/a (B1)

A puntuación media no TestCDD do seu centro foi de 43,4 sobre 192, polo tanto obtivo un nivel de Explorador/a (A2).

#### 2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	1	14,3%
A2	5	71,4%
B1	1	14,3%
TOTAL	7	100%

## Outras fontes

Información propia do Centro Educativo e da Asociación á que pertence o Centro.

### 2.3. Análise DAFO

A partir do Informe SELFIE, TCDD e outras fontes, o centro xenerou unha análise DAFO que permite o coñecemento da realidade do centro no eido dixital e facilita a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver.

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	<p>Está actualizada a infraestrutura (equipamentos e redes). Existencia de dispositivos dixitais para o ensino. Existencia de dispositivos adaptados ao alumnado con nee e específicos para parálise cerebral e discapacidade afíns. Acceso a internet. No centro existen sistemas de protección de datos (base de datos propia). Páxina web da Asociación. Correo electrónico corporativo da Asociación. Repositorio dixital/biblioteca compartido.</p>	
	PERSOAL DOCENTE	<p>Apoio do equipo directivo a hora de probar novas formas de ensinanza con tecnoloxías dixitais. Uso das tecnoloxías ao colaborar con outras organizacións. O equipo directivo reflexiona con nós sobre as necesidades de DPC na ensinanza con tecnoloxías dixitais. Acceso a posibilidades de DPC. O equipo directivo axuda ao intercambio de experiencias no centro sobre a ensinanza con tecnoloxías dixitais Búsqueda de recursos educativos en liña. Empleo de entornos virtuais de aprendizaxe. Uso de tecnoloxías dixitais para a comunicación relativa ao centro. Uso das tecnoloxías dixitais para a adaptación ás necesidades do alumnado. Uso das tecnoloxías dixitais para o fomento da creatividade do alumnado. Actividades dixitais que implican ao alumnado. Uso de tecnoloxías dixitais para facilitar a colaboración entre o alumnado. Uso das tecnoloxías dixitais para avaliar as habilidades do alumnado. O profesorado colabora dentro do centro para o uso da tecnoloxía dixital.</p>	<p>Insuficiente creación de recursos dixitais. Non avaliamos os progresos con tecnoloxías dixitais. Insuficiente debate sobre as vantaxes de desvantaxes do uso das tecnoloxías. Non se fomenta a participación do alumnado en proxectos interdisciplinares utilizando tecnoloxías dixitais. Non se fai uso das tecnoloxías dixitais para facilitar retroalimentación ao alumnado. Non se utilizan tecnoloxías dixitais para a autoreflexión do alumnado. Non se utilizan tecnoloxías dixitais para que o alumnado poida facer observacións sobre o traballo dos demais. Dificultades para implicar ao alumnado no aprendizaxe mixto (nee). Insuficiente competencia dixital docente.</p>
	PERSOAL NON DOCENTE	<p>Acceso á base de datos e repositorio dixital/biblioteca (logopeda, fisioterapeuta, terapeuta).</p>	<p>Registros en papel do persoal coidador. O persoal de coidados non ten chaves de acceso aos ordenadores.</p>
	ALUMNADO	<p>Comunicación a través das tecnoloxías dixitais. Interese polas tecnoloxías dixitais.</p>	<p>Dificultades para o acceso ás tecnoloxías dixitais.</p>
	FAMILIAS	<p>Todas as familias son socias da Asociación. Opción á comunicación coas familias mediante correo electrónico.</p>	<p>Algunhas familias non len os correos electrónicos.</p>
	OFERTA	<p>Apoio do equipo directivo a hora de probar novas formas de ensinanza con tecnoloxías dixitais.</p>	
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	<p>No centro contamos cunha estratexia dixital. Equipo directivo involucra ao profesorado no desenvolvemento da estratexia dixital do centro. O centro dispón de asistencia técnica.</p>	<p>Falta de tempo para a ensinanza e aprendizaxe con tecnoloxías dixitais. Falta de tempo para a creación de materiais para o aprendizaxe mixto. Asistencia técnica compartida con toda a entidade.</p>

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	Oferta actividades formativas pola Administración para a actualización das competencias dixitais docentes. Contas de correo electrónico da xunta.	Aula virtual non financiada (centro concertado).
	LEXISLACIÓN	Concerto educativo. Convenio con educación.	Medidas legislativas non axustadas a centros de educación especial específicos.
	CONTORNA	Comunicación entre centros da contorna a través das tecnoloxías dixitais.	Pérdida de cercanía na visión do traballo diario do centro.
	ANPA	Todas as familias son socias da Asociación.	Insuficiente competencia dixital da sociedade.
	OUTRAS ENTIDADES	Colaboración con outros centros ou entidades educativas (CITIC). Ofertas formativas da Confederación Aspace. Axudas económicas privadas.	

### 3. Plan de Acción

Para cada obxectivo cumprímense unha táboa que recolle esta información. A mesma táboa empregárase para facer o seguimento de cada obxectivo na fase de avaliación do Plan.

#### 3.1. Obxectivos, indicadores e accións

### Táboas do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

Área/s de mellora: E Pedagogía: Apoios e Recursos						
<b>OBXECTIVO 1: (1)</b>	Optimizar o uso de recursos do aula de NNTT				Acadado	
<b>Responsable:</b>	Coordinadora do Plan Dixital				Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)</b>	Días semanais de asistencia (registro)					
<b>Valor de partida: (3)</b>	Registro de asistencia do curso pasado					
<b>Valor previsto e data: (4)</b>	1 día á semana			21/06/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.1: Actualizar o registro de recursos dixitais.	Coordinadora PD	30/10/2023	Folla de cálculo	-	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Analizar a idoneidade dos recursos actualizados segundo perfís de alumnado.	Equipo docente	18/12/2023	Sala de reunións	-	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: Analizar as necesidades e características do alumnado en relación aos recursos do aula de NNTT e decidir o alumnado que asistirá ao aula de NNTT.	Equipo docente	31/01/2024	Sala de reunións	-	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

<b>AO1.4: Establecer un horario de asistencia ao aula de NNNT.</b>	Coordinadora PD	31/01/2024	Folla de cálculo		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
<b>AO1.5 Uso dos recursos co alumnado.</b>	Equipo docente	21/06/2024	Folla de cálculo		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: B Colaboración e redes						
<b>OBXECTIVO 2: (1)</b>	Utilizar un cartafol de materiais e/ou recursos compartidos no repositorio en liña do centro				Acadado	
<b>Responsable:</b>	Coordinadora do Plan Dixital				Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)</b>	Número de materiais e/ou recursos compartido					
<b>Valor de partida: (3)</b>	34 materiais/recursos compartidos					
<b>Valor previsto e data: (4)</b>	50 materiais/recursos compartidos			10/06/2024		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO2.1: Analizar a idoneidade dos materiais/recursos existentes.	Equipo docente	30/11/2023	Patio Central	-	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.2: Ordear, segundo categorías, os recursos compartidos existentes.	Equipo docente	31/01/2024	Patio Central	-	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.3: Subir recursos ao cartafol compartido ordeados segundo as categorías.	Equipo docente	10/06/2024		-	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

### 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

As necesidades de mellora de infraestruturas tecnolóxicas, equipamento e servizos dixitais educativos son:

- Infraestrutura dixital:
  - Infraestrutura de datos: mellora da capacidade dos routers da rede para conectar máis dispositivos ao mesmo tempo.
- Equipamento:
  - Aulas dixitalizadas:
    - Aulas dos mestres-titores: paneles dixitais de altas polgadas, novas Tablets con maior sensibilidade táctil e altofalantes inalámbricos. Produtos de apoio para acceso á comunicación.
    - Aula logopedia: programas de software de comunicación e produtos de apoio.
    - Aula TIC: pantallas de máis polgada, conmutadores ou pulsadores, caixas de conexión USB e por cable, receptores e programas de software.
  - Dotacións de proxectos específicos:
    - Proxecto “Centro de formación para a prevención da dependencia”. Patio interactivo: novo ordenador e Tablet, actualización do software SHX.
    - Proxecto “Proxecto de formación e asesoramento en impresións 3D”: bobinas de filamento.

## 4. Avaliación do plan

O procedemento de seguimento do desenvolvemento do Plan e da consecución de obxectivos farase mediante:

- Avaliación procesual: Cada unha das accións propostas neste Plan ten uns indicadores específicos que axudarán a determinar se o obxectivo proposto foi acadado e se é necesario realizar variacións ou modificacións no plantexamento de estas accións durante o curso.
- Avaliación final: Co análise dos indicadores, elaborárase un informe avaliativo final no que se recollerá a valoración do logro dos obxectivos e as propostas de mellora que procedan.

## 5. Difusión do plan

A estratexia para a difusión do presente Plan consiste en publicar na páxina web da Asociación un arquivo do mesmo, así coma na aula virtual do centro (documentación). Previamente enviarase por correo electrónico corporativo aos membros do Consello Escolar para a súa aprobación.

Así mesmo, publicarase no cartafol compartido entre os profesionais do centro para ter acceso rápido.



